



IES. CABO ORTEGA L

GARFINO

JORGE L.F.

# PRESENTACIÓN

Tedes nas vosas mans a revista “*Golfiño*” que o Instituto Cabo Ortegal elabora cada ano tentando achegarnos algunhas mostras das principias actividades culturais e literarias dos alumnos.

Celebramos o día das Letras Galegas, adicado a Xocas (Xaquín Lorenzo Fernández) coa proxección do vídeo “O carro e o home” e un certame que acadou gran participación do mesmo xeito que o concurso de San Valentín.

Os alumnos de 1º de Bacharelato foron de excursión a Mallorca gozando de varios días de descanso e diversión.

Agardamos que as follas desta revista vos guste e vos anime a seguir empregando o noso idioma que é a maior riqueza cultural que ten e que pode ter calquera pobo.

MARÍA BREIJO BENÍTEZ  
JUAN JOSÉ ORIZALES ANIDO  
1º BACH. B - A

## **“O ALCOHOL, O TABACO E AS DROGAS”**

O alcohol é unha droga, cousa que os xoves non o cren así. Un dez por cento da poboación española é adicta ó alcohol. É dicir, necesitan consumir diariamente 100 gramos del e non poden pasar varios días sen beber. O número de alcohólicos sobrepasa 15% entre os traballadores. Catro millóns de persoas teñen problemas con el.

Nos últimos anos producíuse un importante incremento de consumidores de alcohol en exceso nas idades de 15 a 24 anos. O alcohol é o culpable do 35% dos accidentes de tráfico. O seu consumo convertiuse na primeira causa da morte xuvenil na nosa sociedade. Por iso non é extraño que os controis de alcoholemia sexan cada vez máis abundantes e rigorosos.

Os xoves, beben para facerse os maiores e pensan que para divertirse fai falla beber. E é todo o contrario; non fai falla beber para divertirse.

¿Para que coller unha cogorza? Para dañar ó organismo. Porque bebendo dáñanse os órganos (o cerebro, o sistema nervioso, o sangue, o corazón, o fígado, o estómago, o páncreas, o intestino...) As accións do alcohol no organismo, pode provocar alteración da conciencia, dos reflexos, a diminución de leucocitos no sangue, plaquetas...que pode provocar anemia.

Todo iso ocorre polo consumo de alcohol.

O tabaco tamén é un vicio popular, practicado polo 37 % da población.

O tabaco introducíuse en Europa, despois do descubrimento de América. As primeiras plantas de tabaco tróuxoas o embaixador francés Jean Nicot para o xardín de Catalina de Médicis polo ano 1.560. O tabaco pasou de ser unha planta ornamental a consumirse de diversas maneiras.

As aromáticas follas do tabaco foron mascadas, trituradas. Finalmente para tomalas como rapé pola mucosa nasal e finalmente queimados para succionar o fume coa boca xa en forma de habanos, en pipa e sobre todo en forma de cigarros.

O tabaco é consumido diariamente por xoves de 15 a 30 anos. Pero son moitos os que fuman día a día e ¿Para que?


O tabaco provoca cancos e dificultades respiratorias. Provoca tamén a formación de coágulos coronarios, diversas complicacións no embarazo, problemas cardiovasculares...Tamén existen os problemas adictivos da droga chamados “drogodependencias”, que é a necesidade psicolóxica ou fisiolóxica de certas persoas respecto a algunas substancias químicas capaces de alterar as funcións de percepción e de coordinación.

A cocaína, a heroína, o haxis, os cigarros, o alcohol e drogas de deseño, provocan adicción rápida, delgadez, maior facilidade para contaxiar a sida, posibles enfermedades: nerviosas, dixestivas, mentais...tamén cancos.

Todas estas adiccións, como consecuencia soen traer enfermedades, malformacións do organismo. Un exemplo a tomar sería que a persoa que ten algúns destes problemas, pedira axuda tanto á familia, coma nas asociacións especializadas nestes problemas. Por exemplo en Cariño a asociación ACE, en Santiago o Proxecto Home.

As adiccions tamén traen problemas económicos.

ÁNGELA LÓPEZ TEIJEIRO - 3º ESO B



O ALCOL  
DISTORSIONA  
A  
REALIDADE

MARCOS PÉREZ RIOLA – 1º BACH. A

# A TENDENCIA DO ALCOHOL

Desde fai uns anos púxose de "MODA" o alcohol. A xente cada vez empeza a beber máis cedo. Antes a xente saía para pasalo ben cos amigos, para divertirse ... Agora moita xente xa sae da casa coa idea de emborracharse, pensan que sen alcohol van a amargarse, a pasalo mal. O alcohol é unha DROGA a que cada día se enganchan máis persoas. Un problema moi grave que ten o alcohol é que os efectos nocivos vense a longo prazo. Uns efectos son físicos como: enfermidade cardíaca, pancreatite, certos tipos de cancro (especialmente de figado, esófago, garganta e farinxe) e enfermidade hepática que a sofren en América máis de dous millóns de persoas. E outros efectos son psicolóxicos como: discusións co seu cónxuge e outros membros da familia ou alonxamento afectivo, levar a cabo actos violentos ou ser vítima da violencia, perda do control e desexo ou necesidade compulsiva de beber alcohol.



Nestes momentos cerca de catorce millóns de americanos, un de cada trece adultos abusan do uso do alcohol ou son alcohólicos. Ademais, varios millóns de adultos teñen o hábito de consumir bebidas alcohólicas que os poden conducir a problemas de alcohol. Aproximadamente o 53 por cento dos homes e mulleres nos Estados Unidos dán que un ou máis membros dos seus familiares teñen problemas de alcohol.

O beber alcohol aumenta os riscos de mortes por accidentes automobilísticos, accidentes no traballo, e a probabilidade de que ocorran homicidios e suicidios.

LAURA GARCÍA RUÍZ  
3º E.S.O. B

**CONCURSO**

**DO DÍA DOS**

**NAMORADOS**

## *SEN TÍTULO*

*Non tes cara fermosa,  
non tes fermoso andar,  
pero gústame a túa mirada,  
mirada de ferro e paz.  
E gústame a túa boca,  
boca de xeo e sal.*

*Non tes cara fermosa,  
non tes fermoso andar,  
pero tes un don alegre  
que no vento fai saltar,  
miles de floriñas brancas  
brancas coma o azahar.*

*Non tes cara fermosa,  
non tes fermoso andar,  
pero es o regalo máis grande  
que da vida podería agardar.*

## *¡OLA CARACOLA!*

*Es coma un pan de bóla,  
pero dese grande  
do que más mola.*

*Cando te vexo,  
quédome con cara de melocotón  
aínda que tamén estou moi bo.*

*Pero eu non son nada fachendoso  
son un home moi estudioso  
pero non son nada moroso  
tamén son moi románticoso  
e moi cariñoso.*

*como xa ves podes comprobar,  
as miñas calidades  
superan os defectos.*

*¡Xa podes quedar comigo!*

**ADRIÁN LANDROVE RÚA**  
**2º E.S.O. A**

**MANUEL NOVO LÓPEZ**  
**1º E.S.O. A**

# AUSENCIA

Estou aquí, castigada, crucificada con  
Esta soidade.  
Non paro de pensar en ti.  
Cando se nos pon  
A distancia polo medio,  
Estou soa, rara,  
Amargada.  
Se estou triste asómome á ventá.  
E miro cara o ceo,  
Intentando ver o brillar das estrelas  
No manto da noite.  
Ás veces logro verte,  
Logro verte reflectido nas estrelas.  
Estás mirándome, mirándome fixamente,  
Coma se intentases dicirme algo.  
A miñ danme ganas de afastarme,  
Afastarme desta desesperación e  
inquietude,  
Ganas de abrazarte, bicarte,  
Tocar a túa pel.  
Así saberei que estás aí,  
Esperándome, pensando en mi.  
Tamén miro a Lúa,  
E aquel brillo tan especial faime recordar  
Os teus ollos negros.  
Aquel negro intenso  
Que con só mirarme  
Fai que me perda nesa mirada tan  
penetrante.  
É coma se quedase sen razón  
Por un só momento.

E aquela Lúa triste,  
Triste pola túa ausencia,  
Mírame, sorrime,  
Facéndome saber que a miña  
Esperanza de volverte a ver  
Perdurará ata o día do teu regreso.  
Por un intre penso se o xesto  
Da cara da Lúa é o teu,  
Se o que me intenta dicir é o que  
Ti cavilas e pensas.  
O que en realidade me desacouga  
É o día da túa chegada,  
Porque sei que nese día a alegría  
Volverá a vivir no meu corazón.  
Ó volver tocar a túa pel, sentirte  
novamente,  
Tranquilízame, porque sei que estás ó meu  
lado  
E o meu corazón volverá a ser amado,  
Sen dúbida pase o que pase seguireite  
querendo,  
Acordareime de ti cando o sol se estea  
poñendo.  
Espero que esta agonía,  
Esta cruel agonía que teño dentro,  
O medo a perderte, non o sintas ti.  
Porque ti sabes que os meus sentimentos  
Nunca cambiarán  
E sendo como es e seguirás sendo  
Os meus sentimentos serán para sempre  
Eternos.

# CARTA A UN AMIGO

Querido amigo:

Comezo esta carta coa intención de poder expresar o que sinto.

Iso que fai que por momentos poida estar extremadamente contenta, e de repente, encóntrome deitada na miña cama chorando por alguén por quen sinto algo eterno.

Aquel 25 de Outubro souben o que era o amor no mesmo momento no que me deches un bico.

Gustariame poder expresarque con palabras o que sinto, o que o meu corazón me di en canto te vexo, o que a razón non poderá comprender.

Pechada no meu cuarto, observo a túa foto, os teus ollos hipnotizanme, o teu sorriso é relaxante e axúdame a pensar que algún dia me dirás ó oído que me queres e que poderíamos ser felices coma nun conto, pero aí quedaría todo, nun conto.

Cando estou contigo síntome alegre, contenta e feliz de estar preto da persoa que amo, ainda que ti non sospeitas nada.

Vou pola rúa camiñando, soa, vendo ás parellas collidas da man, que se bican con dozura, que se acarician, non podo evitar saír correndo, intentando escapar deste mundo no que vivo, no que estou rodeada de xente que se quere e que o demostra día a día. Intento evadirme de todo cos meus amigos, mais cando chego xunto deles e encóntreroos en parella os meus ollos énchense de bágoas recordándote; envéxoos, envexo que teñan o que eu máis desexo, un bico do mozo máis desexado, un abrazo, unha caricia.

Gustariame que un día chegares a xunto de min e me dixeras ó oído que me queres, me deras un bico e te foras, poder ir na túa busca, atoparte, dicirche docemente que te amo e fundirme contigo nun marabilloso bico inesquecible.

Despois desta carta penso que nunca imaxinei rematala, non foi fácil, pero consegúin expresarque o que sinto.

## ÁMOTE

PD: Nunca me esquecerei de ti. Oxalá algún dia compartas estes sentimientos comigo.

NOEMÍ QUIZA LUACES  
4º E.S.O. B

*Quen puidera ter un corazón tan forte, como para vencer ó olvido.*

*Que recordo podería axudar a un corazón débil, cantas bágoas atravesarán suspiros e esvaran polas meixelas antes de que un fin se poida achegar.*

*Que voz quebrantada polo sufrimento podería facer que naceran palabras de ledicia e liberar na mente recordos agora amargos, antes doces e cheos de esperanza.*

*Que luceiro podería protexer estas melodías, corazóns, ollos húmidos e voces quebrantadas, pois non todo iso fai máis que traer o agrio recordo das noites, pois ata o murmurio do mar, reviva esos momentos, e ata o son do silencio volve a transportar esas miradas de complicidade, e unha vez claros os recordos, quen puidera resistir a dor de pensar que as veces o amor non é só cousa de dous.*

*Luz da posta do sol que te ocultas para dar paso á escuridade, raios de esperanza que ás veces caes no olvido, reflecte de novo no mar ese recordo dourado da felicidade, que un día nos trouxeches e agora pretendes levar.*

*O susurro dun quérrote parece a veces lonxano, máis en cada palabra vén escondido, en cada mirada que intenta buscarte máis aló do horizonte onde morren as esperanzas, onde se oculta o luceiro, onde morre o ocaso.*

*Ditosos os corazóns que poden olvidar en ocasións, máis o olvido pode ser reflexo do medo, dun amor caprichoso, pois doutra forma sería imposible deixar de recordar, áinda que o recordo poida parar ó corazón.*


*E de feito xa volven outra vez, escuras montañas bañadas nun gris vivo, mar, que chega ata os nosos pés portando aires de vida, de doces e fríos pensamentos.*

*Mar que reflectes sentimientos, que un día me acompañaches ata a felicidade.*

*Soidade e silencio, que distes paso a esta historia, a todos vós, gracias por acompañarme.*

RAQUEL CANDALES VILLASUSO  
1º BACH. B



## ... LA SAINT VALENTIN



**Nous ne sommes pas propriétaires de l'amour :  
Nous aimons ce que nous pourons,  
Parce que la mort et l'amour  
Ils ne sont pas choisis.**

**MARÍA BREIJO BENÍTEZ - 1º BACH. B**

## ... LA SAINT VALENTIN



JÉSSICA RUBIDO SOTO - 1º E.S.O. B

## ... LA SAINT VALENTIN


Moi

de Saint

et

To


Valentin




Tu es l'homme  
de ma vie



je t'aime



A S T




Mon

Amour

Je t'aime

11-26

## ... LA SAINT VALENTIN



BIBIANA BARCIA FRAGA - 4º E.S.O. A

**Si tus ojos fueran luz  
y tu cara un espejo  
con el fuego de tu alma  
quemarías todo mi cuerpo.**

**Cuando la noche tiende su manto  
y el cielo viste de azul  
no hay lucero que brille tanto  
como esos ojos que tienes tú.**

**Si se juntan los mares  
si se juntan los ríos  
porque no juntas tus labios  
poco a poco hacia los míos.**

**Sin tocar desrizo el rizo  
sin saber aliso las honduras,  
sin escuchar deshago el silencio  
sin mirar te veo en la luna.**

**DAVID VILLASUSO MARTÍNEZ  
1º E.S.O. B**

**Cada vez que yo te veo  
Siento que se acerca el final  
Me cuesta olvidarlo  
Aunque lo sienta ya no estás.**

**Deja que me pierda en ti  
Aunque sea una vez más  
Sólo nosotros dos  
Sabremos la verdad.**

**El amor nos lastimó  
Sin darnos cuenta nos separó  
Y ahora pierdo la razón  
Porque no tengo tu amor.**

**Recuerdo el calor de tus besos  
Como si fuese el primer día  
Se fundían nuestros cuerpos  
Cuando tu mano yo sentía.**

**No pude hallarte en las sombras  
Esta soledad me mata  
Es fría como tu ausencia  
Y lejana como tu presencia**

**JULIA ÁLVAREZ TOMÉ - 1º BACH. B**

## **- SÓLO SON ROSAS -**

**(Esta poesía es sobre el amor de dos mujeres lesbianas)**

**Fueron dos rosas  
en un estricto jardín  
donde todos siguen normas para  
subsistir.  
Dos rosas juntas  
nunca podían estar  
rosa y clavel, en pareja, dictó la moral.  
Pero esas rosas  
no se quieren separar jamás  
no piensan que es malo  
ser distintas a los demás.  
Sólo son rosas  
que juntas quieren estar  
¿y que le importa a los demás?  
sólo son rosas  
que juntas quieren estar.  
Noches en vela  
para pensar un buen plan  
y que las dejen en paz.  
Una de ellas  
se disfrazó de clavel  
y todos creen que lo es.  
Sólo son rosas  
que juntas quieren estar  
¿y que le importa a los demás?  
Sólo son rosas  
que juntas quieren estar.  
Sueñan despiertas  
con un precioso jardín  
donde rosas y claveles  
eligen con quien vivir.**

**ANÓNIMO**

## *DEDICADO A TODOS LOS ENAMORADOS:*



No sé si sabes que te quiero,  
Si no lo sabes te lo explico  
Y pongo ejemplos de todo tipo:

- . Aunque no te vea siempre te recuerdo.
- . Yo estoy aquí para ti y tú estás aquí para mí.
- . Si tu cuerpo mío no puede ser, búscate a una que te merezca tener.
- . El día que me caí tu viniste junto a mí, me ayudaste a levantarme y no te lo agradecí, pero ahora que te doy las gracias y te digo con sinceridad lo mucho que te adoro y que me gustas de verdad.
- . Sal el sábado conmigo, iremos a bailar, después hablaremos un rato y nos conoceremos de verdad.
- . Más que amigos podemos ser si tuquieres acceder, yo te puedo hacer feliz...quizás más que una perdiz.
- . Aunque no lo creas, yo te puedo dar cariño, si loquieres descubrir, ya conoces el camino.
- . Pon mi número en tu agenda, en la sección “enamorado”, y cuando necesites algo, sabrás que me tienes a tu lado.
- . Cuando tengas un problema y no lo puedas solucionar, cuenta siempre con mi apoyo, porque no te voy a abandonar.

Esta es la despedida  
Pero solo por ahora.  
**Recibirás más noticias de tu  
Encantadora admiradora**


IRIA CARLA BARCIA DÍAZ  
4º E.S.O. B

... ST. VALENTINE'S





JÉSSICA RUBIDO SOTO - 1º E.S.O. B

... ST. VALENTINE'S




MIRIAM RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ - 3º E.S.O. B

## ... ST. VALENTINE'S



CARMEN PITA DOCAL - 1º E.S.O. A

...ST. VALENTINE'S



KAROLINA RAMONDE SOTO - 3º E.S.O. B

# C R Ó N I C A S

## *AS MORTES NO VERÁN*

### *A FALTA DE AUGA EN ÁFRICA*

A falta de auga é un grave problema en África, xa que moita xente morre por non poder beber auga. Estes países non teñen recursos para poñer solución a esta falta de auga. Moitos destes países piden axudas ós bancos, e estes danllles créditos, pero con intereses moi altos, e así endebedarse.

A solución está na axuda dos civís, pero eu penso que lles cobraran uns impostos a grandes empresas, poderían solucionar o problema. Xa que con ese diñeiro poderíanse fabricar pozos de auga para paliar a sede.

Xa hai iniciativas coma a da empresa de auga mineral, que unha parte do que gañan se utilizará para a fabricación de pozos en Mauritania.

DAVID FERNÁNDEZ  
ARMADA - 3º E.S.O. A

Cando chega o verán soben moito as temperaturas. Sobre todo nas zonas do interior pódense chegar a alcanzar os 40º.

A subida de temperaturas, así de súpeto, colle desprovistos a moitos anciáns que viven sós e morren deshidratados e abafados. Tamén poñerse ó sol entre as 12 e as 3 da tarde pode producir cancro de pel.

No verán pasado morreron moitas persoas en España, a maioría anciáns.

Os médicos aconsellan beber moita auga, máis ós nenos e os anciáns. Que se coman froitas e ensaladas, e para poñerse ó sol usar un protector alto para a xente con pel branca.

Eu penso que o mellor que se pode facer é ir á praia despois das tres da tarde e tomar baños durante todo o ano.

PATRICIA FERNÁNDEZ  
ARMADA - 3º E.S.O. A

# **CONCURSO DE SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO**

# CERTAMÉN LITERARIO

## *CHEGOU A PRIMAVERA*

Polas mañás abro a fiestra,  
escoito cantar ós paxaros.  
hai mantos de mil cores  
sobre campos floreados.

Frescura de verdes herbas  
sons de pequenos regatos.  
Os prados énchense de flores,  
As árbores dan agasallo.

A presencia da primavera  
fai chegar o mes de maio;  
volveron nacer as follas  
e os froitos xa maduraron.

A xente é feliz,  
as flores sorrín,  
marcharon as chuvias  
daquel mes de abril.

¡¡ Chegou a primavera !!

MARTA BELLÓN VARELA  
1º E.S.O. A

## *A MIÑA VILA*

Eu vivo en Cariño  
un lugar pequenijo,  
pero bonitiño.

Remata polo norte no Cabo Ortegal,  
un lugar moi mariñeiro  
de motoras e percebeiros.

Polo sur con San Adrián,  
unha parte de Ortigueira,  
onde elaboran pan.

polo oeste coa ría,  
onde hai peixes  
e auga moi fría.

Polo leste coa Capelada,  
un monte con pinos  
con gando e moita neboada.

ANTÓN BREIJO ARCOS  
2º E.S.O. A

# **CERTAME DE FOTOGRAFÍA**

**O CABO ORTEGAL ...**

**...A NOSA TERRA**

Ortegal, comarca costeira pertencente á provincia de A Coruña, situada na parte noroccidental de Galicia.



A comarca organízase en torno á ría de Ortigueira, que forma parte das Rías Altas.

A suavidade das temperaturas e a abundancia das precipitacións ó longo do ano, explican a abundante vexetación (eucaliptos, piñeiro, pastizais...) e a riqueza das maceiras.

A poboación distribúese en catro concellos: Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

O turismo é cada vez máis importante, a pesar dos tempos ventosos e brumosos e a ausencia de horas de sol no verán.

Poboación (2001): 16923 habitantes.




**SAMUEL RAMOS ARMADA - 4º E.S.O. A**

# **DO CABO ORTEGAL**

## **A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO**

### **Cabo Ortegal**

O cabo Ortegal atópase a cinco Quilómetros de núcleo urbano de Cariño. A estrada está ben sinalizada e sobe en zigzag entre as casas da vila ata chegar ós cantís que penetran no punto onde se une o Mar Cantábrico e o océano Atlántico. Na punta coñecida por Os Aguillóns, hai un faro e fronte a el, divisase un pequeno arquipélago formado polas illas Insua Maior, Cabalo Xoán, A Longa e O Rodicio.



Á esquerda do cabo queda a Punta de Limo, considerada polos mariñeiros o verdadeiro Cabo Ortegal, e un pouco máis aló está a Punta Robaliceira. Esta zona pódese percorrer por estreitos camiños que bordean a costa, e neles imos atopar diversas garitas (pequenas construccíons que serven de


abrigo para as tarefas de vixilancia) entre as que destacan a do Limo pola espléndida vista que ofrece..

## **Capela de San Xiao**

Lugar de importancia arquitectónica é a vila romana de San Xiao do Trevo, nas proximidades de Cariño.

Trátase dun templo edificado sobre antigos poboados romanos, dos que ainda se conservan as terrazas.


Dende a capela pódese descender por un empinado e estreito camiño ata o mar.



## **Serra da Capelada**

Xusto no medio da Serra da Capelada atopamos un impresionante parque eólico.

Á dereita (90 metros) vemos o mirador da Herbeira, que non podemos deixar de visitar, pois é o punto de maior altura de Europa con 620 metros de acantilado sobre o nivel do mar.




## Santo André de Teixido

Na serra da Capelada a uns doce ou trece Quilómetros de Cedeira, atópase a poboación e Santuario de idéntico nome coñecido coma San Andrés de Teixido, San Andrés de “Lonxe” ou San Andrés “Do cabo do mundo”.

A lenda ou lendas sobre o lugar datan de datas remotas. Segundo tales historias o Santo, algo envidioso da afluencia de peregrinos a Santiago, permanecía triste e apagado. Un día recibiu a visita do mesmísimo Señor na compañía de San Pedro.

Como queira que o Santo formulara as súas queixas o Todopoderoso prometeulle que ó seu santuario acudirían en romaría todos os mortais e, quen non fora de vivo iría velo de morto. Por outro lado a lenda cambia e conta que un dos doce Apóstolos chegou en barco ós cantís de Teixido e que a súa barca naufragou quedando convertida en peñasco coñecido coma a barca de San Andrés.

O mal trago foi compensado coa promesa que Deus lle fixo, segundo a cal tería un santuario e unha romaría que duraría ata o fin do mundo e que, vivos ou mortos, haberían de acudir ó lugar de todos os mortais.




O certo é que o mosteiro de Santo André de Teixido existe alomenos dende o século XII, sendo nesta época patrimonio da Orde de Malta. O edificio actual data do século XVI e as súas obras continuaron durante os séculos XVII e XVIII. Mostra un estilo góticu na entrada e nos murais representativos do martirio de San Andrés. Atoparemos cun certo estilo barroco no retablo maior e na imaxe do relicario, o cal contén un suposto óso do Apóstolo.

Hai que sinalar a romaría que fan algúns dos vivos acompañados do espírito dun parente morto. A viaxe organizase por non ter cumplido o morto o ofrecemento que fixera en vida. Os vivos van á sepultura onde está enterrado e o avisan de que van cumplir a promesa.

Proceden con el da mesma maneira que farían no caso de acompañar a unha persoa cega, xa que o morto, asegúrase, escoita, pero non ve, de tal maneira que hai que orientalo, avisalo de posibles perigos e comunicarlle a chegada o Santuario.

Preto do Santuario atopamos a “Fonte do Santo” que mana, segundo se di, debaixo do altar da igrexa. Era costume entre romeiros botar nela unha


migalla de pan. Se flotaba tomábase coma indicio de cumprir os seus desexos, se se afundía, non.



Cando non se ía á romaría por motivos de curiosidade ou turismo, era costume buscar a herba namoradeira ou caravel mariño, que se pode atopar baixando cara á costa, e os xuncos de ben parir. Volvese cunha póla de abeleiro, que abondaba en toda a Serra, segundo o testemuño do Pai Sarmiento. Dela colgaban pequenas pólás de teixo, a árbore que orixinou o topónimo e os famosos sanandreses.


Se miramos cara o Océano veremos á nosa dereita uns illotes que son as illas Gabeiras, ou Pena Gabeira. Amais das tres é a que chaman “Barca de Santo André” que segundo a lenda chegou a estes lugares nunha barca que despoisolveuse de pedra.


MANUEL NOVO LÓPEZ  
1º E.S.O. A



- Praza da Mariña: ELÍAS RODRÍGUEZ LANDROVE – 4º E.S.O. A
- Cariño Dende O Mar: JORGE MARTÍNEZ SONEIRA – 2º Bach. B)

*Presente da  
Merrimac*





# O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O día 14 de maio celebrouse o día das letras galegas cun pequeno acto organizado polo IES Cabo Ortegal na casa da cultura. Aínda que o día verdadeiro foi o luns 17 e adiantouse por mor de que o luns era festivo e non había clase.


O acto comezou por unha película moi antiga en branco e negro “O carro e o home” que trataba sobre a montaxe dos primeiros carros que levados polas vacas transportaban palla, millo, patacas... A continuación actuaron catro grupos de nenas cunhas exhibicións de aeróbic coa coreografía inventada por elas mesmas, a coordinación entre os grupos foi perfecta. Despois houbo unha representación dunha obra, estivo moi ben, a pesar dos escasos días que tiveron para ensaiar. Representaban sucesos de señoras/ os da aldea con moita simpatía. Tamén houbo uns poemas preciosos acompañados cunha guitarra de fondo. Tampouco pudieron faltar as gaitas nun día como este acompañadas de tambor, panderetas, tambor e bombo interpretando varias cancións. Por fin, a SORPRESA que todos esperabamos era a profesora de música, Cristina; o profesor de sociais, Jorge e a profesora de francés, Virginia tocando con tambor, gaita e bombo varias cancións. Cando remataron xuntáronse os profesores que tocaban, cos alumnos e xuntos interpretaron o HIMNO GALEGO. Ó rematar proseguiron á entrega de premios de:

- Animación á lectura.
- 2º concurso de eslogans: “Di non as drogas”.
- Certame de Santo Andrés de Teixido.
- 1º Certame musical.

Ninguén pensou que a actuación ía ter tanto éxito. O público animou entusiasmado e iso fixo que os que actuaron tamén se animaran.

LAURA GARCÍA RUÍZ 3º E.S.O. A

# LE Patriarcat natural



LE PORT

DE RAPIN




Depuis l'une des montagnes qui entourent Lourie, on peut observer tout le village pour ses beaux rives offre une vue magnifique à ne pas rater.



Depuis le Cabo Orotanal nous pouvons contempler les belles falaises.



Fornas est une des plus belles plages que nous pouvons trouver sur la côte les autres plages "la Pousada" à cas hor, o, Gual et Figueira mentionnent une partie de camping de ce village Malheureusement, elles sont proches il faudra de ce qui de prendre du temps que va faire dans les deux dernières



Le port de Guifor est une des zones très importantes au niveau de la pêche et au niveau touristique.



Guifor possède aussi des falaises comme vous pouvez le constater sur les photographies.

# ¡VIAJE DE FIN DE CURSO!


O sábado 27 de marzo partimos cara Mallorca. Saímos de Cariño sobre as 6 da mañá para chegar o aeroporto de Santiago ás 10.

Cando chegamos a Mallorca hospedémonos nun sitio chamado C'Ampastilla que estaba a 12 Km aproximadamente de Palma, o noso hotel chamábase "Hotel Linda" onde ali distribuímonos en habitacións de tres ou catro persoas. Alí tamén había outras excursións de Barcelona, Córdoba e ata había unha excursión de xente maior que algúns e algunha de nós puxéronse a bailar e facer xogos con eles, xa que os do hotel cada día organizaban actividades.



Este primeiro día que era o sábado, os profesores deixáronnos o día libre polo que puidemos ir coñecer a zona, cada un por onde quixera.

O domingo quedamos todos para ir a Palma a coñecer a cidade, tiñamos que coller o autobús dende o noso hotel ata alí. Cando chegamos a Palma visitamos a catedral, a cal era moi grande e fermosa. Ese día de noite saímos para C'Ampastilla, onde nós aleccionamos metade de nós a cantar nos Karaokes, non había moita xente, pero nós pasámolo ben a nosa maneira.




O luns pola mañá empezaron as excursións, onde nos levaron de pícnic, pero tamén a visitar a fábrica de perolas e outra que era das peles de Mallorca. Chegamos ó hotel sobre as cinco da tarde onde algúns de nós descansamos, outros foron de compras e outros preferiron coñecer as excursións das habitacións do lado. Por exemplo: ¡algúns que outro namoróusenos dun par de cordobesas!

O martes saímos cara Soller onde nunha hora e algo visitamos a fermosa costa en barco, áinda que o tempo non nos acompañase moito, xa que algúns de nós... Ben ¡entendémonos!



**Cando chegamos a Soller comemos e despois visitamos máis sitios turísticos, un mosteiro...**

Tamén hai que mencionar a visita as covas do Drach, as cales percorremos, xa que eran grandísimas e fermosas. Alí deron unha especie de espectáculo, uns homes nunhas barchas que despois ofrecéronse a levarnos pouco a pouco na barca, percorrendo un espacío de covas.



O último día metade de nós compramos uns detalles para a familia e amigos e no que coincidimos todos foi nas ensaimadas, uns levábanas de crema, outros de nata...xa que era a especialidade de alí.

Ben, rematando xa, na excursión pasámolo moi ben, non tivemos problemas con nada e os profesores moi animados e divertidos. ¿Verdade, Virginia e Antonio??

TEXTO: NOELIA PÉREZ GARROTE – 1º BACH. B  
FOTOS: MARÍA BREIJO BENÍTEZ – 1º BACH B  
JUAN JOSÉ ORIZALES ANIDO – 1º BACH A

# Sopas de letras

d f h h d d k t r a g k i d y d j g d d y e p s h d v m x z t k r p s t  
m k p r o d u c t o i n t e r i o r b r u t o j d t s l m v s u e y r d  
p s b e o k d s j y g t g h b j k k g s j n v e g h h t a b u f v f k g  
a j l g t o q r u p n e q s a l e j a n d r i n o s g j d a u o o u v d  
c o m i e s e q f h t h b g f z v b k u h g s c v b j k g d c r l j u k  
q h p h c b n c z n c h g r h f e d u b n r t p t j a c v n k k u g j s  
a g k s c v o r i g g b a b s v b m m n q v d o q s x v j l i j c w q a  
q e d b h n b v o j p k n g v c d s f b i v b l z h b j n v f v i v v x  
q h k n f c s c g n b m l m k w h m l ñ g o g i h r d d f g j j o m h g  
h j n v d e c a s i l a b o s c x z f n b n n s m h r e w d v m n b m l  
u f h v c n j n m b f i t h i r f j f j i l m e f z b c b m h g i d t h  
h f g i t r j i p y y r u r n g f j f s b k ñ m u k d a g k p ñ n k g d  
a g l f h j y r k y e f e f o e y u h l p ñ u i d r s g x z v b d n j h  
f e y i j g r g r u o k j g n g k g d f j u i c i p o k g g f n u o k g  
f c v g j y d n k y e f k o i f g h k 9 h t g a f y r p r c x v s b u o  
g g b j j u f e h i j i t w m f l u r d g u t d h i j i e o o d t d v u  
a u l d c j i k h b f v n k o n r e w y u i l ñ m s g i t a g d r d x r  
f s g f d g y t w h k l m z s f h f e i o m a k l j v f h f f i p l x  
q j p r i m e i r a g u e r r a m u n d i a l q k h f d v h p u a f v b  
g g g j p g d n l h d b j b a f u l m m n l a d j m l o p w s d l c r t  
f f g s v g b h n j k i l p ñ s e f t c v b g j m j m j m a e f t g y h

Por Rubén Yáñez Rubido – 4º E.S.O. B

1. Significado del P.I.B..
2. Verbo comer, subxuntivo, pret. perfecto, 1<sup>a</sup> ou 3<sup>a</sup> persoa, singular, 2<sup>a</sup> conxugación.
3. Verso de catorce sílabas.
4. Os vinte anos despois da Primeira Guerra Mundial.
5. Verso de dez sílabas.
6. Palabras co mesmo significante con varios significados.
7. Significado de U.E..
8. Palabras que suxiren connotacións negativas.
9. Revolución que comezou en Gran Bretaña antes da Primeira Guerra Mundial.
10. Palabra con distinto significante pero co mesmo significado.
11. Guerra que durou desde o 1914 a 1918.

S	G	I	N	S	O	M	S	I	T	U	L	O	S	B	A	U	R	E	S	D
U	V	N	D	G	O	P	T	H	S	D	M	I	S	P	D	A	T	U	B	F
T	U	E	P	R	F	N	O	M	N	I	S	C	E	N	T	E	K	G	R	H
C	F	G	R	A	C	Z	J	T	M	I	A	E	S	B	Ñ	L	I	O	O	N
E	C	A	E	S	O	M	L	Ñ	P	C	Z	X	E	V	J	J	L	N	C	S
R	C	D	Ñ	H	A	B	R	I	A	C	A	N	T	A	D	O	M	A	A	R
E	A	S	A	Z	B	L	J	L	Q	U	F	V	N	S	G	I	P	F	L	A
O	A	D	D	G	H	N	L	K	A	S	Ñ	L	A	I	C	I	D	U	X	K
M	U	R	A	S	V	D	E	E	T	H	J	L	O	P	A	O	R	E	D	M
O	A	C	E	R	T	C	X	H	S	I	A	L	A	B	E	A	D	O	S	X
H	P	E	A	R	L	H	A	R	B	O	U	R	D	P	L	A	D	F	U	A
O	P	V	E	N	L	Ñ	P	K	L	Z	X	D	A	S	P	I	U	T	G	S
D	T	U	J	L	J	L	D	D	T	J	F	H	X	O	D	E	R	T	I	F
F	R	T	L	X	A	S	D	H	G	E	R	U	L	Ñ	C	X	A	S	D	C
J	L	I	E	S	G	J	L	L	V	D	E	T	O	Y	Y	L	D	A	S	U
D	J	F	A	J	U	T	S	G	K	Ñ	V	D	A	K	A	Z	X	C	B	B
B	F	H	J	L	Ñ	D	X	V	E	I	Y	E	S	C	B	M	F	J	K	B
I	G	S	C	J	L	V	A	F	H	K	L	P	Ñ	D	E	R	Y	I	P	R

Por Alejandro Breijo Da Silva – 4º E.S.O. B

1. Tratado do que quedaron resentidos os alemáns despois da 1ª Guerra Mundial.
2. Condicional composto de indicativo do verbo cantar.
3. Palabra tabú de embarazada.
4. Narrador en 3ª persoa que sabe absolutamente todo sobre os seus personaxes.
5. Significado do prefixo “pre”.
6. Batalla na que Xapón ataca a flota estadounidense no pacífico na 2ª Guerra Mundial.
7. Poder que se encarga de facer xustiza, de xulgar e resolver crimes.
8. Primeiro poboador da península hispánica.
9. Satisfeito, alegre, contento.
10. Sistema de goberno que exerce o poder sen límites.
11. Ten forma convada.
12. Antepeito da boca do pozo.

S	O	Ñ	I	S	E	P	M	A	C	S	Y	T	U	J
A	S	X	S	E	L	L	A	S	R	E	V	M	S	N
R	O	D	F	U	K	H	E	S	P	I	L	E	D	A
I	P	U	U	B	S	B	O	S	E	R	P	M	I	
J	Ñ	V	M	Y	E	A	S	Y	T	A	F	E	O	T
T	T	N	Q	T	G	U	T	R	U	E	L	G	L	R
A	I	P	O	L	I	S	E	M	I	C	A	S	Z	A
E	T	N	A	R	G	I	M	N	I	W	H	I	L	P

Por Iván Yáñez Landrove – 4º E.S.O. B

1. Palabra que suxire connotacións negativas e pode ser malsoante.
2. Palabras que teñen un só significante con varios significados.
3. ¿Como se chama o tratado final da Primeira Guerra Mundial.
4. Participio irregular de imprimir.
5. Persoa estranxeira procedente de outro país que ven traballar o noso país.
6. Grupo social da Idade Media que traballaba na terra e estaba baixo o poder dos señores feudais.
7. Pretérito imperfecto,indicativo,1º o 3º persoas,singular,verbo partir,3º conxugación.
8. Supresión de algún elemento nalgúnha frase.
9. Presente,subxuntivo,1º o 3º persoas,singular,amar,1º conxugación.

A	T	U	F	L	E	X	I	S	L	A	T	I	V	O	L	E	S
V	T	D	A	F	E	R	R	U	V	E	T	R	A	Z	O	T	F
G	O	E	P	A	C	T	O	D	E	A	C	E	R	O	N	I	O
O	L	F	O	M	N	I	S	C	I	E	N	T	E	A	P	R	E
A	T	R	O	S	L	E	Z	D	K	I	T	U	M	G	L	O	D
L	O	X	I	P	L	E	N	X	H	O	R	F	I	L	T	S	A
H	I	T	C	O	S	S	E	N	A	R	A	E	G	V	Q	I	T
O	À	O	N	I	P	T	E	N	R	A	S	U	R	S	F	M	A
T	R	A	T	A	D	O	D	E	V	E	R	S	A	L	L	E	S
F	I	M	C	D	C	L	I	O	S	G	S	L	C	X	M	I	P
E	L	A	C	M	D	X	D	E	F	M	I	O	I	H	B	C	T
N	X	C	O	M	L	O	L	O	P	E	S	S	O	P	A	S	R
A	F	D	R	E	D	A	D	I	L	A	T	A	N	E	O	X	E

Por Ezequiel Bellón Varela – 4º E.S.O. B

1. Capital de Ucrania.
2. Tratado resultante da I Guerra Mundial.
3. Fondo Monetario Internacional.
4. Pacto que firmaron na 2ª Guerra Mundial Italia e Alemaña co fin de proporcionar metais a Italia para fabricar armas.
5. Saída do lugar de orixe e establecerse en outro lugar.
6. Persoa que emite unha mensaxe.
7. Poder do estado que se encarga de facer as leis.
8. Presente, 1ª persoa de singular do verbo cantar.
9. Narrador que sabe absolutamente todo sobre os seus personaxes.
10. Índice de nacementos dun país.

S	E	G	U	N	D	A	G	U	E	R	R	A	M	U	N	D	I	A	L	P
F	A	E	G	L	O	B	A	L	I	Z	A	C	I	O	N	K	E	E	O	E
R	W	C	F	O	I	L	K	J	H	G	F	D	S	E	A	X	A	L	U	K
F	R	A	N	C	I	S	C	O	F	E	R	N	A	N	D	O	I	Y	Ñ	L
A	T	T	F	R	T	U	A	S	W	Q	Q	I	S	F	U	S	E	R	N	L
L	Y	R	R	H	M	B	C	S	W	O	N	U	A	B	E	P	J	U	M	H
L	H	O	E	R	T	I	U	I	U	A	P	Y	A	M	J	L	O	I	C	Y
E	T	A	D	F	F	T	Y	Y	M	G	G	T	I	J	U	P	I	B	F	R
C	E	N	V	N	M	O	U	E	K	J	Q	C	O	B	U	T	A	Y	U	R
E	A	O	B	A	F	U	L	W	G	J	A	I	T	Y	Y	Q	D	H	O	L
R	I	S	Y	F	S	A	G	L	O	S	B	A	S	E	H	C	E	X	I	D

Por Thais Luaces – 4º E.S.O. B

1. Nome do herdeiro do gran imperio Austro Húngaro, lúa dos grandes imperios, que foi asasinado no principio da Primeira Guerra Mundial.
2. ¿Cánto durou a Primeira Guerra Mundial?
3. ¿A quen prexudicou o Tratado de Versalles?
4. Palabra que ten un significante e varios significados.
5. Palabra que ten connotacións malsoantes, negativas.
6. A unión de todo o globo terrestre a nivel económico, comercial e xeográfico.
7. Pretérito perfecto simple, 2ª persoa singular verbo dicir.
8. ¿Que acontecemento mundial comezou o 1 de setembro de 1939?
9. Eufemismo da palabra morte.
10. O indicador máis utilizado para medir o nivel de desenvolvemento dun país.


# GOLFIÑO COMPETITION

Golfiño Competition, Beatriz Fernández, IES Cabo Ortegal (Concepción Arenal s/n 15360 Cariño)

**WIN SOMETHING TO DRINK AND TO EAT (1 EURO) DAILY  
FOR FIVE DAYS AT CAFETERÍA IES CABO ORTEGAL**

## HOW TO ENTER


Complete the answers and send this crosswords puzzle with your name and telephone number to:



by José V. Santiago Villar, 1º Bacharelato A.

1. It's an object that is related to computers/ music.
2. It's an animal which has eight tentacles.
3. It's the past tense of *win*.
4. It's a person who controls that people get in or don't.
5. It's the day that comes after Friday and before Sunday.
6. It's a food that is typical of Frankfurt, Germany.
7. It's a drink that English people have in the afternoon.
8. It's an Unidentified Flying Object.
9. It's an insect that we usually see flying around.
10. It's a sport that is played by six people with a ball.
11. It isn't big.
12. It's a person/animal that is very angry.
13. It's one of the mass media.
14. It's an object that is used for calling other people in different places.
15. It's an animal that produces wool.

**Complete the answers and send this crosswords puzzle with your name and telephone number to:**



By María Breijo Benítez, 1º Bacharelato B.

#### ACROSS


1. An orange animal. Its name is Garfield.
2. Something that is used when it's raining.
3. Its favourite food is banana.
4. The land animal that has a long trunk.
5. It appears when the sun rises.
6. The object that is used for looking at ourselves.
7. The transport that is used for going to the sea.
8. The sixth month of the year.
9. The object that has four wheels on line.
10. Something that is used for covering one's hand.

#### DOWN

1. Its name is Bugs Bunny and it eats carrots.
2. The person whose mother is my aunt.
3. An object that is put around one's neck.
4. It's running water.
5. It's a mouse's favourite food.
6. One plus one is...
7. It's the bike that has a motor.
8. An object that is used for writing.
9. An animal that has stripes.
10. It's the colour of the sun.
11. The third number.

# ÉTÉ 2004

## TON FUTUR EST ÉCRIT, LIS TON HOROSCOPE...



### BÉLIER (21 mars - 20 avril)

Amour: Tu chercheras ta femme idéale mais elle ira dans un autre pays et tu ne la verras pas d'ici longtemps\*.

Santé: Tu auras beaucoup d'énergie et elle t'aidera\* dans tes examens. Tu iras chez le docteur mais ce ne sera pas grave et tu pourras sortir les samedis jusqu'à six heures du matin.

\*d'ici longtemps : en mucho tiempo

\*Aider: ayudar



### TAUREAUX (21 avril - 21 mai)

Amour: Ta colombe\* volera loin.

Tes examens n'iront pas bien mais tes parents sont géniaux. Tu ne devras pas étudier pendant les vacances et la plage t'attendra.

Tu n'auras pas de problèmes, tu seras en pleine forme. Tu gagneras le championnat de water-polo ou autre.

\*colombe: paloma blanca



### GÉMEAUX (22 mai - 21 juin)


Amour : Tu iras à une fête où tu connaîtras un garçon / une fille avec qui tu vas te marier et avoir beaucoup d'enfants.

Côté santé, tu auras un accident de voiture à cause d'un excès d'alcool. Attention ! Tu risques de mourir !

À l'école, ça ira très mal et tu redoubleras\*. Tes parents ne te laisseront pas sortir le samedi.

Jour + : le 29 juillet - Jour - : le 3 août.

\*redoubler : repetir curso



### CANCER (22 juin - 22 juillet)

Tu seras heureux avec ton / ta petit(e) ami(e).

Tu n'auras pas de chance avec l'argent mais tu auras beaucoup d'enfants.


Côté santé, tu seras très chanceux\*.

Ton / ta petit(e) ami(e) te quittera et tu rencontreras une autre personne.

Tu iras à Cuba et tu reviendras avec un(e) métis(se)\*.

\*chanceux : afortunado

\*métis(se) : mulato(a)



### LION (23 juillet - 22 août)

Amour : Tu n'auras pas de jours bons parce que tu es trop égoïste et possessif/ve.


Travail : Tu devras travailler avec un parent\* parce que tu iras en vacances chez lui.

Amitié : Tes amis ne seront pas généreux avec toi. C'est normal ! Tu es un peu antipathique avec eux.

Les meilleurs jours seront tous les mercredis des vacances.

Les pires jours seront tous les week-ends des vacances.

\* un parent : un pariente



### VIERGE (23 août - 22 septembre)

Côté amour: Tu auras de la chance, mais tu devras être plus sympathique et tendre\* avec lui / elle.

Tu iras en vacances avec la personne que tu aimes et tu vivras beaucoup d'aventures.

Côté santé: Tu auras une grave maladie à cause du tabac, mais au bout d'un temps tu t'en remettras\*.


Côté amitié: Tu connaîtras de nouveaux amis à une fête d'anniversaire. Tes amies ne te feront plus confiance.

Jour de chance: le 2 juillet.

Jour mauvais: le 15 juillet.

\*tendre: cariñoso/a

\*se remettre de : recuperarse



### BALANCE (23 septembre - 22 octobre)

Amour: Tu connaîtras l'amour de ta vie pendant les vacances mais il / elle aura déjà\* un(e) petit(e) ami(e).

Santé: Tu seras tout l'été en bonne santé même si tu auras un jour mauvais de dépression.

Amitié: Tes amis auront pour toi un cadeau. Surprise !

Jours de chance: le 2 juillet et le 9 août.

Jours mauvais: le 1<sup>er</sup> août et le 11 juillet.

\*déjà : ya

### SORPION (23 octobre - 22 novembre)

Amour: Tu connaîtras une personne qui te rendra vraiment heureux, mais attention c'est un amour d'été uniquement.



Amitié: Tes amis seront contre toi et mettront une bombe chez toi. Tu risques de mourir.

Santé: Tu seras en bonne santé mais attention avec le soleil, il pourra te brûler\* le visage.

Jours + : le 16 juillet et le 11 août.

Jours - : le 13 juillet et le 20 août.

\*brûler : quemar



### SAGITTAIRE (23 novembre - 21 décembre)


Amour: Tu connaîtras l'amour de ta vie et tu partiras aux Caraïbes avec lui / elle.

Amitié: On t'offrira un cheval et tu participeras à des compétitions à travers le monde.

Côté travail, tu ne trouveras pas de travail et tu vivras dans la rue.

Jours + : le 3 juillet et les 29 et 30 août.

Jours - : le 18 juillet et le 1<sup>er</sup> août.



### CAPRICORNE (22 décembre - 20 janvier)

Travail: Ça ne vaut même pas la peine de chercher du travail parce que s'ils te prennent, ils te mettront à la porte en quelques jours. Mais il ne faut pas désespérer. Peut-être\* qu'un jour tu auras un petit peu plus de chance que maintenant, mais pour l'instant tu ne peux rien y faire.

Amour: Tu trouveras l'amour de ta vie en Amérique du Sud, précisément en Argentine, sur une belle plage. Il / Elle sera couché(e) sur sa serviette avec un maillot de bain rouge et des lunettes de soleil.

Santé: Tu seras vraiment en mauvaise santé. Il faudra arrêter les mauvaises habitudes, sinon tu attraperas une maladie très grave et tu mourras en quelques semaines. Alors je te conseille de te préoccuper un peu plus de ton corps.

\*peut-être : quizás, tal vez.

\*la serviette : la toalla.



### VERSEAU (21 janvier - 19 février)

Les jours difficiles arrivent pour les verseaux, tous pleins de difficultés.

Amour: Ton petit ami / Ta petite amie ne fera pas attention à toi et tu ne feras rien pour le remédier : ta relation ne durera pas longtemps. Tu t'ennuieras facilement,

Travail: Tu ne seras pas motivé. Tu auras besoin de prêter attention pendant les cours pour réussir.

Santé: Ta santé sera géniale cet été, mais tu pourras te casser un bras ou une jambe. Attention avec le soleil !

Jours + : les 8 et 18 juillet.

Jours - : les 2 et 17 août.

### POISSONS (20 février - 20 mars)

Côté santé, tu voudras manger beaucoup de fruits secs spécialement des graines de tournesol\* et des cacahuètes.


Amour: Un(e) beau / belle brun(e) s'intéressera beaucoup à toi.

Famille: Tu ne passeras pas de bons moments chez toi, mais une surprise te fera plaisir pendant les vacances.

Jours de chance: le 6 juillet et le 24 août.

Jours mauvais: le 3 juillet et le 8 août.

\*les graines de tournesol: pipas





MARÍA-JUAN '04